

Día a día con diabetes

Ciclos: 1º e 2º

Tema: Os aniversarios (1)

PROFESOR

ALUMNOS



www.fundaciondiabetes.org

En moitas aulas (igual tamén na túa) existe o costume de levar algunha lambetada para repartir.

Isto faise para que os demais compartan a túa alegría por ser un ano maior.

Pero, ás veces, ese costume convértese nunha competición para ver quen leva máis lambetadas: "Se Alberte trae un Ovo Kinder, Laura, ademais do ovo, leva unha bolsa de *ganchitos*. Como Marta pensa que o seu aniversario non é menos importante, leva un Ovo Kinder, unha bolsa de *ganchitos* e 5 caramelos de goma para cada un".

E así, pouco a pouco, deixa de ser algo agradable para converterse nunha obriga..., e iso xa non é divertido.

Le a seguinte escena e contesta as preguntas:

Carol:

- Mamá, temos que comprar as chuches para mañá.

Mamá

- Paréceche ben levar unha bolsa de *ganchitos* para cada un?

Carol

-Só iso? Luís levou a semana pasada 10 caramelos de goma e unha bolsa pequena de patacas

Mamá

- Pero, filla, iso paréceme demasiado.

Carol

- Pois para levar só iso, mellor non levo nada. Vanse rir de min.

Por que non lle parece ben o que lle propón a súa nai?

Ti que opinas?

Ocórreseche algunha idea para propoñer na túa clase?